




MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



AFTER THE WHALE UN DIÁLOGO CO MUSEO. MANUEL VILARIÑO

Do 24 de maio ao 13 de novembro de 2022. Museo de Belas Artes da Coruña

Proxecto expositivo: Manuel Vilariño e Museo de Belas Artes da Coruña

Comisario: Fernando Castro Flórez

Coordinación e dirección técnica: Museo de Belas Artes da Coruña

Produción: Consellería de Cultura, Educación, F.P. e Universidade. Xunta de Galicia

A fotografía do artista galego Manuel Vilariño pon o contrapunto ás obras da colección do Museo de Belas Artes da Coruña na exposición *After the whale. Un diálogo co Museo. Manuela Vilariño.*



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

PRESENTACIÓN

O Museo de Belas Artes da Coruña presenta un ambicioso proxecto expositivo de Manuel Vilariño (A Coruña, 1952) que leva por título *After the whale. Un diálogo col museo*. Con esta mostra de produción propia o Museo pon en relación as imaxes visuais do autor coas obras da súa colección permanente.

Na exposición, que conta con medio centenar de pezas entre fotografías de gran formato, vídeos e instalacións, presenta as obras de Manuel Vilariño como “contrapunto” ás obras da colección do Museo de Belas Artes, a través dun intenso exercicio de lembranza co que leva a cabo unha revisión dos xéneros artísticos tradicionais. Para iso, unha selección das súas obras interveñen nas salas do museo para crear un diálogo creativo entre elas e as pezas da colección permanente.

Así mesmo, o artista interrógase sobre a natureza da fotografía e a súa presenza nun museo de belas artes, revisando a hexemonía da arte occidental poñendo como contrapunto obras de arte oriental e africano, a través de música, escultura e poesía.

A intervención no museo asolaga todos os espazos e as súas obras atópanse tanto nas salas de exposicións temporais como nas da colección permanente, podendo contemplar pezas emblemáticas do artista, fotografías inéditas, haikús, poemas, esculturas, instalacións e vídeos. Todas elas teñen o protagonismo na articulación do espazo, destacando pezas como *Seda de caballo* ou *Satori*.

AFTHETHE WHALE constitúe un proxecto expositivo de Manuel Vilariño, onde o artista realiza unha lectura poética sobre a vida e a morte, dúas dos seus temas máis recorrentes que personifica nos seres e elementos da natureza salvaxe.

Para iso, acomete un intenso exercicio de lembranza que, sen perder as dinámicas artísticas do presente, toma como elemento vertebrador os diferentes xéneros artísticos: paisaxe, retrato, espido e naturezas mortas e incorpora ao longo das salas do Museo unha selección das súas obras, xerando un diálogo creativo (en base a analogías e contraposicións) entre estas e os cadros da colección permanente.

Na sala de exposicións temporais preséntanse obras referenciales que aluden á experiencia da finitude. No vestíbulo do Museo están suspendidos o esqueleto da balea e a reprodución do cetáceo que conviven nesta ámbito cunha serie de paisaxes mariñas. Nese mesmo espazo está instalada a obra *Paraíso fragmentado* de Vilariño que presentou na Bienal de Venecia e que forma parte da colección permanente do Museo de Belas Artes da Coruña.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Nas salas da Colección Permanente dispóñense fotografías, vitrinas con obxectos e libros contextualizadores, esculturas, instalacións e vídeos. Pezas emblemáticas como *Seda de cabalo* ou *Satori* teñen especial protagonismo na articulación do espazo. Tamén se presentan fotografías inéditas de Manuel Vilariño como é a súa serie sobre as cabezas. Haikús e poemas establecen “contrapuntos puntuais” neste diálogo dun artista contemporáneo coa historia da arte sedimentada nunha colección tan importante como a do Museo de Belas Artes dá Coruña.

O Museo de Belas Artes da Coruña, como institución viva e dinámica, no centenario da súa creación asume o reto de mostrar, sen perder as súas referencias históricas, aqueles discursos expositivos que nos permiten coñecer e interpretar o pensamento e os modos de acción da arte contemporáneo e para iso estimula a exclusiva proposta que aquí cobra impulso: a intervención que nos espazos do propio Museo realiza o polifacético artista e poeta galego Manuel Vilariño e onde desprega a súa persoal linguaxe creativa e compositiva.

Nacido na Coruña en 1952, Manuel Vilariño é un artista visual e poeta iniciado na fotografía nos anos 70 do pasado século. Obtivo o Premio Nacional de Fotografía en 2007, ano no que tamén participou no pavillón español da Bienal de Venecia coa peza *Paraíso Fragmentado*.

A exposición pode visitarse no Museo de Belas Artes da Coruña ata o 13 de novembro de 2022.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A exposición está comisariada por Fernando Castro Flórez que leva anos colaborando con Manuel Vilariño. Publicarase un **catálogo** dando conta do diálogo do Museo de Belas Artes da Coruña coas obras deste fotógrafo galego e textos de Pedro Alberto Cruz e Mieke Bal. Tamén se exorarán **actividades didácticas** e **conferencias** que permitan que o público gozar e comprender mellor a mostra.

O Museo de Belas Artes da Coruña ofrece **visitas guiadas** á exposición entre o 18 de xuño ao 16 de xullo e desde o 17 de setembro ata o seu clausura. Están dirixidas tanto para o público xeral como para grupos de asociacións e centros culturais.

Para máis información:

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/actividades/visitas-guiadas-la-exposicion-after-whale>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

INFORMACIÓN

Horarios de apertura:

Martes a venres de 10 a 20 horas

Sábado de 10 a 14 horas e de 16:30 a 20 horas

Domingo de 10 a 14 horas.

Exposición:

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/exposiciones/after-whale-un-dialogo-con-el-museo-manuel-vilarino>

Actividades complementarias:

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/actividades/visitas-guiadas-la-exposicion-after-whale>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22